cREAgal

| Aspectos básicos | |
|---|---|
| **Estilo narrativo** | - Persoa narradora (voz en off)<br>- Personaxes en escena (Cantos?) |
| **Características personaxes** | - Idade (na infancia, persoa nova, xente maior...)<br>- Relación entre personaxes (amizade, familia, persoas descoñecidas...) |

## Formulación

Aquí tedes que establecer un **punto de partida**:

- Cal é a motivación da viaxe?
- Existe algún problema que teñan que resolver?

## Nó

Isto referirase ás paradas nos distintos lugares (África, América...):

- Descrición do lugar
- Contar o que viron e escoitaron
- O aprendido no lugar
- Presentación da peza

Para facer isto **documentádevos**. Usade a información sobre as características da música de cada lugar e sobre as pezas. Se fai falta amplía a información sobre as diferentes culturas, anécdotas ou datos interesantes que poidan facer máis interesante a narración.

## Desenlace

Este será o final da viaxe do grupo de aventureiros e aventureiras:

- A que lugar chegan?
- Cal é a ensinanza ou a conclusión que queredes transmitir?

cc BY NC SA

"Esquema conto musical", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0